



ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Xefatura Territorial da Coruña

Servizo de Relacións Laborais

Resolución de inscrición e publicación do convenio colectivo da empresa Casino Ferrolano-Tenis Club

Visto o expediente do convenio colectivo da empresa CASINO FERROLANO-TENIS CLUB (código de convenio 15004142012004), que foi subscrito o 21.03.2012 pola comisión negociadora, de conformidade co disposto no artigo 90 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR ACORDA:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 1 de xuño 2012.

Xefe do Departamento Territorial da Coruña,

LUIS ALBERTO ÁLVAREZ FREIJIDO



Artigo 1.º.-Ámbito funcional e territorial. Determinación das partes.

O presente convenio regula as relacións entra a empresa Casino Ferrolano-Tenis Club e os traballadores e traballadoras ao seu servizo nas instalacións da empresa no Concello de Ferrol. Sendo este convenio negociado pola empresa e a representación sindical unitaria na mesma.

Artigo 2.º.-Vixéncia, duración e prórroga.

O presente convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2010. Terá unha duración de 2 anos, até o 31-12-2011.

Poderá ser denunciado por calquera das partes cun mes de antelación como mínimo, à data do seu vencimento. Se non fose denunciado ou non se chegase a nengun acordo na negociación entenderá-se prorrogado por períodos dun ano, sucesivamente.

No caso de prórroga por un ano, efectuará-se un aumento salarial sobre todos os conceptos económicos equivalente ao IPC previsto para ese ano. Se este IPC previsto fose inferior ao real fará-se unha revisión ao final do ano, non facendo-se a revisión se o IPC previsto é superior ao real.

Artigo 3.º.-Aumentos por antigüidade.

Os premios por antigüidade fican dacordo coa seguinte escala:

1. Un 4% sobre o salario base ao cumprir 3 anos de servizo na empresa.
2. Un 9% aos 6 anos.
3. Un 17% aos 9 anos.
4. Un 29% aos 14 anos.
5. Un 41% aos 19 anos.
6. Un 48% aos 24 anos.
7. Un incremento do 2% anual, até o límite do 60%, a partir dos 25 anos de servizo na empresa.

Recoñece-se a vixéncia deste artigo, única e exclusivamente, a favor dos empregados da sociedade que traballen na mesma desde antes do 01/01/2010, data de inicio de efectos do presente convenio.

Artigo 4.º.-Gratificacións extraordinárias.

As gratificacións extraordinárias de xullo e Nadal serán de 30 días de salario base, plus de antigüidade e calquera outro complemento que se viñese percibindo exceptuando o plus de transporte.

No mes de maio e setembro aboarán-se sendas pagas extraordinárias consistentes en 15 días de salario base, plus de antigüidade e calquera outro que se viñese percibindo, exceptuando o plus de transporte.

Artigo 5.º.-Plus de transporte.

Establece-se un plus de transporte de 18 euros ao mes, condicionado a que se more fóra da cidade, salvo aos actuais empregados, entendendo por tais os que foran empregados da sociedade antes do 01/01/2010, data de inicio de efectos do presente convenio, que, como dereito adquirido, non se lles exige tal condición. O dito plus de transporte non se aboará ou aboará-se a parte proporcional durante o tempo que dure a IT do traballador.

Artigo 6.º.-Vacacións.

Os traballadores nesta sociedade teñen dereito a trinta días naturais de vacacións ao ano durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, así como ao descanso nos días non laborables que sexan sinalados pola autoridade competente. O traballador ou traballadora que traballe ao servizo desta sociedade nestes días non laborables ten dereito a desfrutar en compensación, por cada día traballado, un día e medio de descanso.

Artigo 7.º.-Xornada laboral.

A duración máxima da xornada de traballo será, como máximo, de 40 horas semanais de traballo efectivo.

O día de Noiteboa pecharán-se os locais ás 19.00 horas. O día de Nadal abrirá-se ás 13.00 horas e pechará-se ás 22.00 horas. O día de Ano Vello permanecerá aberta a sociedade de xeito continuado. O día de Ano Novo abrirá-se ás 13.00 horas e pechará-se ás 22.00 horas.

Artigo 8.º.-Dote por matrimonio.

O traballador que leve 2 anos de servizo na empresa e contraia matrimonio por primeira vez, continuando na mesma, perceberá en concepto de dote unha mensualidade de retribución que comprenderá o salario base máis antigüidade.

Recoñece-se a vixencia deste artigo, única e exclusivamente, a favor dos actuais empregados da sociedade, entendendo por tais os que foran empregados da sociedade antes do 01/01/2010, data de inicio de efectos do presente convenio, por respecto aos dereitos adquiridos ou que puidesen adquirir-se polos mesmos, conforme ao anterior convenio.

Artigo 9.º.-Licenzas.

Sen perxuízo do establecido no artigo 37 do ET e sen perda de retribución algunha, a empresa concederá licenzas nos casos seguintes e coa seguinte duración:

- Matrimonio do traballador: 15 días.
- Enfermidade grave, intervención cirúrxica ou morte do cónxuxe, pais, fillos ou familiares até segundo grao de consanguinidade ou afinidade: 4 días.
- Traslado de morada habitual: 1 día.
- Por nacemento de fillo/a: 4 días.
- Casamento de fillos, irmáns, bautizos e primeiras comuñóns: 1 día se é dentro da provincia e 3 días se é fóra dela.
- Libre disposición non acumulabeis a vacacións: 3 días.

Artigo 10.º.-Excedencia.

O traballador ou traballadora cunha antigüidade na empresa, polo menos, dun ano, terá dereito a que se lle recoñeza a situación de excedencia voluntaria por un período máximo de cinco anos, sen que en ningún caso se poida producir tal situación nos contratos de duración determinada.

Reunirá o traballador as condicións seguintes:

- a) Contar cunha antigüidade na empresa superior a un ano.
- b) A excedencia terá unha duración mínima de catro meses e máxima de cinco anos, concedendo-se polo tempo solicitado.
- c) O traballador que desexe incorporar-se ao seu posto de traballo, notificará-o á empresa cun mes de anticipación á data na que remate o prazo.

d) Perderá o dereito á incorporación ao seu posto de traballo todo aquel excedente que, en tal período de tempo, preste os seus servizos por conta allea en calquera outro traballo dentro do Estado español, en empresas comprendidas na ordenanza laboral de hostalaría.

e) Se a empresa dese emprego a outro traballador para substituír ao excedente, aquel terá a condición de interino, causando baixa ao reincorporar-se o substituído. Se éste non se reincorpora-se no prazo e condicións sinaladas, ficaria destituído definitivamente na empresa, adquirindo o interino a condición de fixo.

f) Os traballadores e traballadoras terán dereito a un período de excedencia non superior a tres anos para atender ao coitado de cada fillo ou filla, tanto o sexa por natureza como por adopción, ou nos supostos de acollimento, tanto permanente como pre-adoptivo contado desde a data de nacemento deste, ou no seu caso, desde a resolución xudicial ou administrativa. Os fillos sucesivos darán dereito a un novo período de excedencia que, se é o caso, poría fin á que viñese gozando. Cando a nai e o pai traballen, só un deles poderá exercitar este dereito.

g) Así mesmo, poderán solicitar a situación de excedencia os traballadores e traballadoras que exerzan funcións sindicais de ámbito provincial ou superior, e mentres dure o exercizo do seu mandato.

h) Para se acoller a outra excedencia voluntaria, o traballador terá que cubrir un novo período de polo menos dous anos efectivos na empresa.

i) A excedencia concederá-se sen dereito algun a retribución, e o tempo no que o traballador permaneza en situación de excedencia consonte ao establecido neste artigo será computábel a efectos de antigüidade. O traballador terá dereito á asistencia a cursos de formación profesional, participación á que devera ser convocado polo empresario, especialmente con ocasión da súa re-incorporación. Durante o primeiro ano terá dereito á reserva do seu posto de traballo. Trancorrido dito prazo a reserva quedará referida a un posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente. A concesión outorgará-se dentro do prazo dun mes a partir da data da súa petición.

Artigo 11.º.-Enfermidade.

No caso de enfermidade ou accidente, a empresa completará as emprestacións da Seguridade Social ata o 100% do soldo máis a antigüidade. Esta emprestación manterá-se por un período máximo dun ano.

Así mesmo, os períodos de enfermidade ou accidente de traballo non se terán en conta para o deducir do período de vacacións ou do disfrute dos días non laborabeis.

Artigo 12.º.-Prémio de xubilación e auxilio por defunción.

Ao producir-se a xubilación dun traballador ou traballadora que leve como mínimo 15 anos de servizo na empresa percibirá 2 mensualidades incrementadas en todos os emolumentos inherentes á mesma e unha mensuralidade máis por cada 5 anos que exceda dos 15 de referencia. O exceso sobre os períodos de 5 anos pro-rateará-se.

En caso de falecemento do traballador ou traballadora en activo concederá-se-lle á viúva, viúvo ou fillos e fillas o auxilio de defunción establecido na póliza 390415001355 polas seguintes contías:

- Morte por accidente laboral: 21.035,42
- Morte natural (gastos de sepelio): 6.010.

Artigo 13.º.-Prazo de aviso prévio.

Os prazos de aviso prévio nos casos de cesamento voluntario dos traballadores serán os seguintes: conserxe, xefes de 1.ª e de 2.ª: 20 días. O resto do persoal: 10 días.

O incumprimento deste prazo por parte dos traballadores dará lugar á perda que puidese corresponde-lles polas partes proporcionais de xullo e decembro.

Artigo 14.º.-Días da patroa.

Os días 29 e 30 de xullo, festividade de Santa Marta, considerarán-se festivos para os efectos laborabeis, con opción por parte da empresa, para poder substituí-los por paga en metálico co fin de manter o normal funcionamento da mesma; a substitución en metálico será a que corresponda ao traballador polo seu salario máis a antigüidade dunha xornada normal.

Artigo 15.º.-Direitos sindicais.

As garantías sindicais que no artigo 68 do Estatuto dos Traballadores establece para os membros do comité de empresa e delegados de persoal estenden-se aos candidatos a estes postos durante os seis meses seguintes de celebradas as eleccións nas que se presentaron en calidade ou condición de candidatos.

Os traballadores terán dereito a celebrar asembleas con carácter ordinario unha vez ao mes, e cunha duración dunha hora, interrompendo o menos posíbel a actividade do servizo. Nos demais dereitos establecerá-se o disposto na ordenanza

laboral, Estatuto dos Traballadores, Lei orgánica de Liberdade Sindical e demais normas complementárias. Establece-se un máximo de 20 horas mensuais para o delegado sindical.

Artigo 16.º.-Póliza de seguro de accidentes.

A empresa ten contratada para todo o persoal afectado por este convenio unha póliza de seguro, póliza 390415001355, que cobre as seguintes continxencias e importes:

- Invalidez permanente total por accidente laboral: 21.035,42
- Invalidez absoluta total por accidente laboral: 21.035,42
- Grande invalidez por accidente laboral: 21.035,42

Artigo 17.º.-Roupa de traballo.

Facilitará-se lle a todo o persoal un uniforme de temporada cada ano, limpando-se ocasionalmente cando sexa inexcusabelmente preciso. En caso de roturas reporá-se a peza danada se fose necesario.

Artigo 18.º.-Recoñecementos médicos.

A todos os traballadores ou traballadoras afectados polo presente convenio fará-se-lles como mínimo unha revisión médica ao ano o máis completa posíbel e que incluírá: análise de sangue, urina, exploración radiolóxica, auditiva e visual; así como unha revisión xinecolóxica ao persoal feminino. Dos resultados da dita revisión médica entregará-se lle cópia aos traballadores ou traballadoras.

Artigo 19.º.-Resolución de conflitos.

As partes asinantes do presente convenio acordan, en caso de conflitos internos tanto individuais como non, someterse a unha xuntanza para a resolución do dito conflito entre ambas partes. A mesa formaran-na dous representantes da empresa (presidente e xefe de Persoal ou persoa en quen delegue) e dous representantes dos traballadores (delegado sindical e asesor). En caso de non chegar á resolución do mesmo porá-se en mans da autoridade competente. Nengún traballador ou traballadora poderá ser sancionado por falta grave ou moi grave sen previo expediente disciplinario do que se lle dará audiencia ao delegado sindical.

Artigo 20.º.-Adscrición ao IV Acordo laboral de ámbito estatal do sector da hostalaría.

O IV acordo laboral de ámbito estatal do sector da Hostalaría, pasa a formar parte integrante do presente convenio.

Artigo 21.º.-Horas extraordinarias.

Cada hora de traballo que se realice sobre a duración máxima da semana ordinaria de traballo aboará-se cun incremento que non será inferior ao 75% sobre o salario que corresponda a cada hora ordinaria, podendo-se compensar en tempo de descanso equivalente, é dicir, cada hora de traballo extra equivalerá a 1,75 horas de descanso, sendo a opción de a cobrar ou descansá-la, en todo caso, do traballador, así como a acumulación por semanas ou meses.

Artigo 22.º.-Incremento salarial.

Durante a vixencia do presente convenio establécense as seguintes subas salariais:

Ano 2010: IPC real (3%)

Ano 2011: IPC Real (2.4%)

Artigo 23.º.-Comisión paritaria.

Cria-se unha comisión paritaria que estará composta por un máximo de tres membros, un/unha representante da empresa, un das traballadoras e traballadores e un/unha presidente/a. Ambas as partes poderán por súa vez designar un asesor ou asesora, que poderá asistir ás reunións con voz mais sen voto.

O presidente ou presidenta será designado de mútuo acordo entre as partes, e terá voz mais non voto.

Artigo 24.º.-Funcións da comisión paritaria.

Funcións da comisión paritaria.

- a) Interpretar a aplicación da totalidade do contido do convenio.
- b) Vixiar o cumprimento do pactado.
- c) Estudar e valorizar as disposicións xerais promulgadas con posterioridade à súa entrada en vigor que afecten ao convenio.
- d) Acordar a non aplicación das condicións de traballo às que se refire o artigo 82.3 do ET e as modificacións substanciais das condicións de traballo recollidas no artigo 41 do ET.

e) Acordar as posíbeis distribucións irregulares da xornada de traballo segundo establece o artigo 34.2 do ET.

f) Cantas outras tendan à maior eficacia práctica do convenio e veñan establecidas no seu texto.

A comisión reunirá-se a instáncia de calquer das partes, e previo acordo de ambas, sobre o lugar, data e horas de celebración, que deberá efectuar-se no prazo máximo de 15 días desde a solicitude. A reunión comprenderá tantas sesións como sexan necesárias.

No caso de non chegar a acordos as partes poderán-se someter se, así o deciden, ao AGA.

Dereito supletório.

Todos aqueles conceptos non contemplados no presente convenio quedarán regulados polo convenio provincial de hostalaría da Coruña.

REVISIÓN SALARIAL CASINO FERROLANO-TENIS CLUB

GRUPOS PROFESIONAIS	Ano 2009 (€)	Incremento	Ano 2010 (€)	Incremento	Ano 2011 (€)
Grupo subalternos					
Ordenanza	985,78	3,00%	1.015,35	2,40%	1.039,72
Conserxe	1.031,24	3,00%	1.062,18	2,40%	1.087,67
Grupo administrativo					
Administrativos	1.030,59	3,00%	1.061,51	2,40%	1.086,99
Grupo persoal operário					
Oficial 1.ª	1.030,59	3,00%	1.061,51	2,40%	1.086,99
Peón	985,78	3,00%	1.015,35	2,40%	1.039,72
Grupo persoal sala					
Camareiro/a	985,78	3,00%	1.015,35	2,40%	1.039,72

2012/7165


www.cigservizos.org